


INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT

Curso 2014/2015

R2 DO-0203 P1



Nas accións desenvolvidas en relación co PAT do centro foron incluídos un total de 16 docentes no curso 2014-2015, dos/as cales 11 participaron activamente nos procedementos previstos: reunións individuais ou/e grupais, realización do Anexo II (reunión inicial), Anexo III (reunión de seguimento) e Anexo IV-a (enquisa de satisfacción do alumnado). 2 deles causaron baixa no desenvolvemento do mesmo curso académico; a media de estudantes asinados a cada docente/titor/a no PAT oscilou entre 8 e 9.

Resultados:

- Número de estudantes asistentes as reunións iniciais programadas polos docentes/titores/as (Anexo II): 36.

- Número de estudantes asistentes as reunións de seguimento programadas polos docentes/titores/as (Anexo III): 9.

- Número de estudantes asistentes as reunións para cumprimentar o Anexo IV-a: 14.

As cifras indican unha participación do alumnado crecente respecto a cursos pasados, se ben somos conscientes da necesidade de mellorar estes resultados. A participación do profesorado acada uns niveis satisfactorios, fixando como obxectivo para o vindeiro curso a plena participación, tanto nas actividades a desenvolver como na realización da enquisa de satisfacción (Anexo IV-b) que acadou un valor moi baixo (2 enquisas sobre 11 participantes activos).